

CIRCULAR INFORMATIVA

Xaneiro 2018



DÍA DO APICULTOR - Sábado 17 de febreiro de 2018, en Arzúa

O Día do Apicultor estará adicado á *Vespa velutina*, a peor ameaza na actualidade para as abellas e a apicultura nunha boa parte do territorio galego. Aínda queda moito por descubrir sobre o tártago asiático e para acadar unha loita eficaz é indispensable que o coñezamos mellor.

Programa

Este ano as palestras serán no local da **Pulpeira de Santa María**, detrás da nave de Erica Mel

Ás 10 h. apertura da feira

Palestras - Sesión de mañán

- De 10 a 10.15 h. Presentación da xornada e plan de loita contra a *Vespa velutina* de AGA.
- De 10.15 a 11.15 h. Loita contra a *Vespa velutina* en Francia. Loïc Leray, vicepresidente da Unión Nacional de Apicultura Francesa UNAF
- De 11.30 a 12.00 h. Percorrido da Plataforma STOP Velutina -Galicia, traballo e expectativas. Laura García Sáez, asesora xurídica de AGA
- De 12.00 a 12.45 h. Plataformas Stop Velutina Asturias e Cantabria. Carlos Valcuende, Federación de Asociaciones de Apicultores de Cantabria (FAAC) e Santiago Menéndez, Federación de Asociaciones de Apicultores del Principado de Asturias (FAPI)

Ás 13 h. Asemblea Xeral de AGA

Xantar abelleiro na Pulpeira de Santa María. A pulpeira abrirá como un día de feira e ofrecerá o seu menú habitual: pulpo á feira, carne ó caldeiro... Non é necesario reservar previamente. Para máis información: Tel. 986 58 77 21

Palestras - Sesión de tarde

- Ás 16.30 h. Escola Galega de Apicultura e programa formación AGA 2018. Paula Souto, técnica de AGA.
- Ás 16.45 h. Plan Apícola 2018. Gonzalo Calvo, veterinario de AGA.
- Ás 17 h. A eficacia da trampa eléctrica contra a *Vespa velutina*. Sandra Rojas, investigadora da Universidade de Vigo
- Ás 17.30 h. Presentación diferentes modelos trampas e dispositivos alimentación. Por Fernando Cores, Vel-Zapper, Pastores Zagal, Victor Fernández e Ramiro Freire

Durante todo o día:

Feira de material apícola (na nave de Erica Mel). Coa participación de: Erica Mel, Macmel, Lyson, Apícola Carballal, Angel Romero, Anel, Hayedo - Laboratorios Calier, Rucamanqui - Santamix Ibérica e Celso Cadahía.

Exposición de trampas eléctricas contra a velutina (no Centro do Queixo e do Mel).

Espazo infantil (no Centro do Queixo e do Mel): Actividades para cativos e cativas

Ás 18 h. Peche instalacións

CIRCULAR INFORMATIVA

Xaneiro 2018



Convocatoria de Asemblea Xeral de AGA

17 de febreiro de 2018 na Pulpeira de Santa María (Arzúa), ás 13 h. en primeira convocatoria e ás 13.30 h. en segunda convocatoria.

Orde do día:

- Lectura e aprobación da acta anterior, se procede
- Relatorio de actividades realizadas e economía do ano 2017
- Presentación de candidaturas e programa de actividades para o 2018
- Elección de nova Xunta Directiva
- Rogos e preguntas

Nota: As candidaturas que se queiran presentar a directiva de AGA deberán adxuntar programa de actividades e presuposto e serán admitidas no domicilio social de AGA (Costa de San Marcos,7 15890 Santiago de Compostela) ata o 7 de febreiro do 2018, conforme ao artigo 23 dos estatutos de AGA (pódense consultar na nosa web).

SEGURO APÍCOLA

Xa se pode contratar o seguro de colmeas para este ano 2018. A póliza colectiva de AGA remata o 7 de febreiro, polo que os socios/as que queiran renovo teñen que comunicalo (non se renova automaticamente, hai que comunicalo aínda que xa se fixera o ano anterior). Enviar a AGA: nome socio/a, titular explotación, REGA, nº de colmeas e forma de pago. O prezo é de 1,28 € / colmea e cobre responsabilidade civil e danos nas colmeas.

ACTUALIZACIÓN DO CADERNO APÍCOLA

Lembramos que as persoas titulares de explotacións apícolas teñen a obriga de actualizar o caderno apícola na oficina agraria cada ano desde o 1 de xaneiro ata o 1 de marzo. Este é ademais un requisito indispensable para solicitar a subvención do Plan Apícola.

TRAMPAS E ATRAENTES CONTRA A VELUTINA

Na asociación temos á venda trampas e atraentes contra a velutina, que se poden adquirir tamén o Día do Apicultor en Arzúa. Insistimos na importancia de continuar co trampeo preventivo primaveral para a captura de raíñas e evitar así a formación de niños no verán. Temos constancia que este ano haberá entrega de trampas ós apicultores/as a través das oficinas agrarias, pero non temos aínda confirmados os detalles deste reparto. Cando teñamos máis información comunicarémolo.

MÁIS INFORMACIÓN

AGA - Asociación Galega de Apicultura

Feira Nova s/n 15819 Santa María (Arzúa)

Tel. 981 508 142 /630 069 637

Email: info@apiculturagalega.es / Web: www.apiculturagalega.es / Facebook